

ORDE do 19 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das Iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (DOG. núm. 159, 22 de agosto de 2013).

Finalidade: xerar emprego estable para persoas desempregadas, principalmente entre a mocidade e mulleres, apoiando e dinamizando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, con especial atención ós concellos do rural galego, a través dos seguintes tipos de axuda:

Tipos de axudas	Descrición
a) subvención á xeración de emprego estable. Prazo de presentación de solicitudes: 1 mes desde a data de alta do traballador.	Creación de postos de traballo indefinidos entre o 01/10/2012 ó 30/09/2013 (incluídos promotores): A. 4.000 € para desempregados en xeral B. 5.000 € para mocidade desempregada de 30 ou menos anos C. 5.000 € para mulleres desempregadas D. 5.600 € para mozas desempregadas de 30 ou menos anos E. 6.000 € para mozos desempregados de 30 ou menos anos
b) subvención financeira prazo de presentación e solicitude: mes seguinte ó inicio da actividade, en todo caso o prazo xeral establecido no art. 13.2	Os préstamos necesarios para financiar os investimentos en inmovilizado material ou intanxible para a creación e posta en marcha das empresas. Como mínimo o 75% do importe do préstamo ten que financiar o investimento en inmovilizado material ou intanxible. Os préstamos Terán que estar fomalizados dende o 30/09/2012, e terán en conta para o cálculo da cantía os postos creados dende o 01/10/2012 ó 30/09/2013.
c) subvención para asistencia técnica. Prazo de solicitude: o xeral establecido art.13.2	A asistencia técnica poderá consistir en : A. Axuda á formación B. Axuda por realización de estudos e informes sobre a actividade... A contía da subvención será ata o 75% do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 € polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas. Período máximo de xustificación: 20 de decembro de 2013
d) subvención para o inicio de actividade. Prazo de solicitude: ata o 20/12/2013	Subvención para os 1º pasos da actividade ata un total de 2.400 € por emprego estable, ata un máx. de 10. Para desempregados de longa duración e desempregados con discapacidades que esgotasen a prestación a contía será ata 4.800 €.
e) subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras. Prazo de solicitude: mes de setembro de 2013	Subvención do 75% do custo dos servizos de gardería, ata un máximo de 3.000 euros, para promotoras que teñan fillos ou fillas menores de 3 anos.

Entidades beneficiarias:

1. Empresas privadas coa salvidade das persoas físicas, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas e sociedades laborais, sempre que concorran na data do seu inicio de actividade, as seguintes circunstancias:

- a) Que sexan empresas de nova creación
- b) Que sexan viables técnica, económica e financeiramente
- c) Que teñan emprego estable para persoas desempregadas
- d) Que teñan o seu domicilio social, fiscal e o seu centro de traballo nun concello de Galicia
- e) Que sexan promovidas, como máximo, por cinco persoas e que entre os socios ou as sociais promotoras non figure ningunha persoa xurídica.
- f) Que a empresa teña capital social máximo de 120.202 euros.
- g) Que como mínimo o 50% do seu capital social sexa de titularidade dos promotores e promotoras que sexan persoas desempregadas que creen o seu propio posto de traballo na empresa.

+ INFO: http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130822/AnuncioCA05-190813-0002_gl.pdf

981513061 Departamento de Formación e Emprego. Concello de Boqueixón